

---

## 4.- PANORAMA SOCIAL

---

**E**ste capítulo dedicado ó estudio do panorama social está composto por cinco grandes áreas: a análise da vivenda, a educación, a saúde, a asistencia social e as prestacións económicas.

En canto ós datos sobre a dotación de vivendas no seo da área funcional, a información máis recente dispoñible ó respecto é o *Censo de edificación e vivenda* elaborado no ano 1991, que ten unha periodicidade de dez anos. Aínda así considerouse relevante a súa inclusión neste informe a pesar da lonxanía temporal posto que proporciona información básica para o coñecemento do stock de vivendas e edificación a principios da década.

Por outra banda, a información no eido educativo foi facilitada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e pola

Universidade de Vigo, xa que esta conta cun campus na cidade de Pontevedra.

A análise da saúde parte da información recollida na Memoria 2000 do Servicio Galego de Saúde e na Memoria 2000 do C.H. de Pontevedra. Coméntase a ordenación sanitaria territorial e a situación dos recursos humanos e materiais, así como o número de camas e quirófanos e as prestacións asistenciais e farmacéuticas na área funcional considerada e a súa comparación coa situación existente na provincia e no total de Galicia.

En cuarto lugar o estudio dos servizos sociais considera tanto o ámbito das prestacións e inserción social – analizando a renda de inserción social de Galicia e as axudas de emerxencia social- como a área das persoas maiores, onde se analiza a situación dos centros propios dependentes da Consellería, prestadores de servizos sociais para os maiores.

Cadro 4.1.

*Vivendas familiares: distribución segundo o seu uso*

	Principais	Secundarias	Baleiras	Outras	Total
<b>Área funcional de Pontevedra</b>	86.533	15.209	16.688	4.125	122.555
Pontevedra	30.311	3.547	4.767	2.769	41.394
O Salnés	26.314	7.325	5.537	642	39.818
O Morrazo	21.167	3.557	4.511	687	29.922
Caldas	8.741	780	1.873	27	11.421
<b>Provincia de Pontevedra</b>	242.692	35.543	45.515	11.093	334.843
<b>Galicia</b>	788.619	126.839	191.914	26.555	1.133.927

Fonte: IGE. Censo de Poboación e vivendas. Vivendas 1991.

Finalmente, este capítulo analiza as prestacións económicas, considerando as pensións contributivas, as non contributivas, a Lismi, as pensións asistenciais e as prestacións por desemprego, xa que as axudas de emerxencia social e a Risga son comentados no apartado dedicado a servizos sociais.

### Vivenda

Amplamente vinculadas coas variables demográficas, antes analizadas, sitúanse as variables relativas ó sector da vivenda e, en concreto, a dotación de vivendas nunha determinada zona. Esta indica aspectos do entorno socioeconómico e incluso pode apuntar pautas de comportamento da poboación.

Así, tomando como fonte de información os datos proporcionados polo “Censo de Edificación e Vivendas” elaborado no ano 1991, o **cadro 4.1.** recolle información sobre as vivendas na área funcional de Pontevedra. De xeito particular, e segundo os datos do citado censo, amósanse o valor total da mesmas nas diferentes comarcas e tamén clasificadas distinguindo se son vivendas principais ou secundarias, se están baleiras ou ben se se atopan enmarcadas dentro do apartado

de “outros”. Os datos están expresados en termos absolutos, aínda que o interesante a efectos dunha maior profundización é obter os datos relativos.

A porcentaxe de vivendas principais na área funcional é do 70,6%, sendo a porcentaxe de vivendas principais do 72,4% na provincia de Pontevedra e do 69,5% no total de Galicia. Por outra banda, o total de vivendas principais da área funcional supón o 35,6% do total de vivendas principais provinciais e o 10,9% do total galego.

A porcentaxe de vivendas principais varía entre o 66% da comarca do Salnés e o 76,5% da comarca de Caldas. A comarca do Salnés, a de maior índice turístico dentro da área funcional (359), é a que posúe unha menor porcentaxe de vivendas principais dentro do total, e no extremo contrario a comarca de Caldas, a de menor índice turístico (22), é a que ten unha maior porcentaxe.

Na área funcional o 12,4% das vivendas son secundarias fronte ó 10,6% a nivel provincial e ó 11,1% a nivel galego; emprazándose na área funcional o 42,7% das vivendas secundarias da provincia e o 11,9% das vivendas secundarias totais de Galicia.

**Cadro 4.2.**

**Valor de tasación medio das vivendas libres usadas <sup>(1)</sup>**

	Capitais		Resto		Total	
	31-09-2001	%12 meses	31-09-2001	%12 meses	31-09-2001	%12 meses
A Coruña	184,5	9	125,8	12	141,3	11
Lugo	90,7	NR	69,8	NR	74,7	3
Ourense	147,5	15	72,1	0	96,5	7
Pontevedra	122,2	5	119,6	5	119,8	5
<b>Galicia</b>	<b>154,8</b>	<b>11</b>	<b>110,4</b>	<b>7</b>	<b>119,6</b>	<b>8</b>
<b>España</b>	<b>198,1</b>	<b>12</b>	<b>129,9</b>	<b>14</b>	<b>154,0</b>	<b>13</b>

(1) media móbil anual en miles de pesetas/m<sup>2</sup> construído e % variación en 12 meses

NR: Non representativo

Fonte: TINSA, outubro 2001

En canto ás vivendas secundarias, dato que pode ofrecer unha idea da capacidade económica comarcal, destaca a comarca do Salnés, cunha porcentaxe próxima ó 19% de vivendas secundarias sobre as totais da comarca. No outro extremo sitúase a comarca de Caldas, cun 6,8%, e a comarca de Pontevedra, cun 8,5%. Polo tanto, resulta significativo o feito de que a comarca do Salnés, co menor número de vivendas principais en relación o total de vivendas totais, é a que ten unha maior porcentaxe de vivendas secundarias en termos relativos, do que se deduce que moitos propietarios de vivendas principais noutras comarcas teñen unha vivenda secundaria na comarca do Salnés, o que, por outra banda, está relacionado co seu elevado índice turístico.

No que respecta ás vivendas baleiras, a porcentaxe de vivendas en esta situación na área funcional é do 13,6%, similar á porcentaxe a nivel provincial que é do 13,6%, e inferior á porcentaxe da comunidade autónoma, que se sitúa no 16,9%.

Na área funcional localízanse o 36,6% das vivendas baleiras na provincia de Pontevedra e o 8,6% do total de vivendas baleiras en Galicia.

Por último, na categoría de outras inclúense o 3,3% das vivendas da área funcional, sendo esta porcentaxe a nivel provincial e galego do 3,1% e do 2,3% respectivamente. Na área funcional localízanse o 37,1% do total das vivendas provinciais incluídas nesta categoría e o 15% do total galego.

Obsérvase, polo tanto, como a distribución de vivendas na área funcional en relación á provincia de Pontevedra é similar en tódalas categorías analizadas a excepción das vivendas secundarias, onde a porcentaxe da área funcional é case dous puntos superior á existente a nivel provincial.

No eido do prezo das vivendas, o **cadro 4.2.** mostra o prezo do m<sup>2</sup> construído das vivendas libres usadas nas catro provincias, desagregando o prezo nas capitais de provincia galegas, así como o prezo medio no resto de municipios. Obsérvase como en Pontevedra capital, o prezo do metro cadrado construído da vivenda usada é de 122.000 pesetas, só por riba de Lugo, cun incremento de 5.000 pesetas nos últimos 12 meses. Sen embargo, tendo en conta o resto de municipios, a provincia de Pontevedra sitúase en segundo lugar, por detrás de A Coruña

en canto ó prezo do m<sup>2</sup> deste tipo de vivendas, cun prezo por m<sup>2</sup> construído de 119.600 pesetas, por encima da media galega, que é de 110.400 pesetas/m<sup>2</sup> construído.

Tendo en conta o total da provincia, Pontevedra é a segunda provincia galega en canto ó prezo deste tipo de vivendas, con 119.800 pesetas/m<sup>2</sup> construído, na mesma liña ca media galega, que é de 119.600 pesetas/m<sup>2</sup>, aínda que cun incremento interanual menor do que se deu para o conxunto de Galicia.

### Educación

No eido educativo na área funcional de Pontevedra, cómpre, en primeiro lugar, facer a distinción entre educación non universitaria e universitaria. No primeiro caso, a reforma que a Loxse está a realizar non permite que estatisticamente se poida extraer un resumo axeitado da información existente. No caso da educación universitaria, o estudo remítese á información do campus que na cidade de Pontevedra ten a Universidade de Vigo.

Centrándose primeiramente no mapa escolar da área funcional de Pontevedra, os **cadros 4.3.**, **4.4.** e **4.5.** recollen, respectivamente, a situación a nivel comarcal para os tres elementos formativos do entramado educativo: o alumnado, os centros e o profesorado. Esta mesma información desagregada a nivel municipal atópase nos anexos 21, 22 e 23.

No **cadro 4.3.** recollese información sobre o alumnado no curso 1998-99. Obsérvase en primeiro lugar que a poboación sus-

ceptible de estar nalgún dos distintos graos formativos, isto é, a poboación entre 4 e 18 anos, é de 62.406 persoas no total da área funcional. Sen embargo, hai que ter en conta que a escolarización obrigatoria en España remata ós 16 anos, polo que o dato non é significativo.

Na área funcional de Pontevedra atópase aproximadamente o 40% dos alumnos dos niveis formativos da provincia, destacando a importancia dos alumnos en programas de garantía, que acadan o 58,8% do total provincial, e os de educación especial, co 46,2% do total. A nivel comarcal e tendo en conta o número de alumnos por nivel formativo, destaca a comarca de Pontevedra, con porcentaxes que oscilan entre o 72% dos alumnos en programas de garantía ata o 36,8% dos alumnos da educación secundaria obrigatoria (ESO).

Da análise da distribución comarcal dos centros educativos segundo o nivel formativo, **cadro 4.4.**, despréndese, por un lado, que máis da metade dos centros de educación infantil e de educación primaria e ESO da provincia de Pontevedra están asentados na área funcional mentres que, por outro lado, só se atopan na área funcional o 15% dos centros da provincia de educación primaria exclusiva e o 38% dos centros de educación primaria e ESO, cando na área funcional o número de alumnos neste nivel formativo é o 40,1% do total da provincia de Pontevedra.

Finalmente, o **cadro 4.5.**, con datos sobre o profesorado, reflexa unhas porcentaxes de profesores por nivel educativo en consonancia co número de alumnos en cada

**Cadro 4.3.**

**Alumnado no curso 1998-99**

	Poboación de 4 a 18 anos (1)	E. Infantil		E. Primaria		E. S.O.		BUPeCOU		BUP e COU a distancia (INGABAD)		Bacharelato LOXSE		Formación Profesional		Ciclos Formativos		Programas de Garantía		Educación Especial	
		E. Infantil	E. Primaria	E. S.O.	BUPeCOU	BUP e COU a distancia (INGABAD)	Bacharelato LOXSE	Formación Profesional	Ciclos Formativos	Programas de Garantía	Educación Especial										
<b>Área funcional Pontevedra</b>	62.406	8.966	22.561	15.697	10.041	-	756	4.403	2.310	218	250										
Pontevedra	20.815	3.354	8.318	6.014	4.941	-	391	2.458	1.252	157	153										
O Salnés	19.934	2.702	6.843	4.463	2.818	-	219	883	683	44	73										
O Morrazo	15.095	2.037	5.223	3.751	1.850	-	146	927	356	17	24										
Caldas	6.562	873	2.177	1.449	432	-	-	135	9	-	-										
<b>Provincia Pontevedra</b>	162.766	21.996	56.291	38.932	23.644	-	2.461	12.547	5.204	371	541										
<b>Área funcional/Provincia</b>	38,3	40,8	40,1	40,3	42,5	-	30,7	35,1	44,4	58,8	46,2										

(1) datos da Revisión do Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 1998.  
Fonte: /IGE

**Cadro 4.4.**

**Centros de ensino no curso 1998-99**

	E. Infantil (exclus.)		E. Primaria (exclus.)		E. S.O. (exclus.)		Bachs. (exclus.)		F.P.I (exclus.)		ESO e (Bachs. e/ou FP)		E. Primaria, ESO e (Bachs. e/ou FP)		E. Infantil-Primaria-ESO e (Bachs. e/ou FP)		Específicos de E. Especial		BUP e COU a distancia (INGABAD)	
	E. Infantil (exclus.)	E. Primaria (exclus.)	E. S.O. (exclus.)	E. Primaria e ESO (exclus.)	E. S.O. (exclus.)	Bachs. (exclus.)	F.P.I (exclus.)	ESO e (Bachs. e/ou FP)	E. Primaria, ESO e (Bachs. e/ou FP)	E. Infantil-Primaria-ESO e (Bachs. e/ou FP)	Específicos de E. Especial	BUP e COU a distancia (INGABAD)								
<b>Área funcional Pontevedra</b>	106	3	53	8	5	-	5	29	8	8	8	-								
Pontevedra	38	3	22	4	-	-	4	12	4	4	5	-								
O Salnés	33	-	14	2	2	-	1	9	-	1	2	-								
O Morrazo	11	-	9	-	3	-	-	7	-	2	1	-								
Caldas	24	-	8	2	-	-	-	1	-	1	-	-								
<b>Provincia Pontevedra</b>	198	19	157	13	16	-	19	69	2	28	17	1								
<b>Área funcional/Provincia</b>	53,5	15,8	33,8	38,5	50,0	-	26,3	42,0	-	28,6	47,1	-								

Fonte: /IGE

**Cadro 4.5.** Profesorado nos centros de ensino no curso 1998-99

	E. Infantil (exclus.)	E. Primaria (exclus.)	E. S. O. (exclus.)	Bacharelato s (exclus)	FP (exclus.)	Educación Especial	E. Primaria e ESO (simult.)	ESO e post- obrigatorias (simult.)	Outros (simult.)	Resto
<b>Área funcional Pontevedra</b>	539	1.413	763	318	497	66	385	782	161	45
Pontevedra	195	540	289	163	308	42	138	310	58	19
O Salnés	162	440	210	45	109	20	116	280	61	17
O Morrazo	124	312	179	92	79	4	87	160	35	7
Caldas	58	139	85	18	1	-	44	32	7	2
<b>Provincia Pontevedra</b>	1.280	3.503	1.872	620	1.219	121	918	2.253	461	129
<b>Area funcional/Provincia %</b>	42,1	40,3	40,8	51,3	40,8	54,5	41,9	34,7	34,9	34,9

Fonte: /GE.

**Cadro 4.6.**

*Alumnos matriculados no campus de Pontevedra nos cursos 1998-99 e 1999-00: distribución segundo titulación e sexo*

Titulación	1998-99			1999-00			98-99/99-00 %
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	
Lic Belas Artes	382	215	597	378	216	594	-0,5
Mestre	689	357	1.046	715	364	1.079	3,2
Enx. Téc. De industrias forestais	219	308	527	222	318	540	2,5
Publicidade e relacións públicas	333	111	444	322	116	438	-1,4
Xestión e administración pública	-	-	-	76	29	105	-
Ciencias da actividade física e do deporte	-	-	-	33	69	102	-
Fisioterapia	133	54	187	133	59	192	2,7
Enfermería	134	29	163	142	34	176	8,0
<b>Total campus Pontevedra</b>	<b>1.890</b>	<b>1.074</b>	<b>2.964</b>	<b>2.021</b>	<b>1.205</b>	<b>3.226</b>	<b>8,8</b>
<b>Total Universidade Vigo</b>			<b>31.061</b>			<b>30.946</b>	<b>-0,4</b>
<b>Com. Pontevedra / Univ.Vigo</b>			<b>9,54%</b>			<b>10,42%</b>	<b>9,2</b>

Fonte: *Universidade de Vigo*.

un deles dentro da área funcional, destacando o feito de que máis da metade dos profesores de educación especial da provincia de Pontevedra realizan o seu traballo no seo da área funcional analizada.

Para remata-la análise da educación non universitaria na área funcional, cómpre salienta-lo feito de que non existe ningún centro de BUP e COU a distancia (Ingabá).

No ámbito universitario, o de Pontevedra é o terceiro campus da Universidade de Vigo por número de alumnos matriculados no curso 1999-00, co 10,42% dos alumnos (o campus de Ourense acolle o 24,6% dos estudantes desta Universidade e o campus de Vigo, o 64,9% dos mesmos). No **cadro 4.6.** recóllense os datos dos alumnos matriculados no campus de Pontevedra nos cursos 98-99 e 99-00 nas distintas titulacións impartidas. Nos datos referidos, destaca o feito de que tres titulacións acaparan case o 70% das matrículas totais do campus: por orde de matriculacións, Mestre, Belas Artes

e Enxeñeiro Técnico de Industrias Forestais. Por outra parte, tamén se pode destacar a incorporación no curso 99-00 de dúas novas titulacións, Xestión e Administración Pública e Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

En canto a evolución das matriculacións nos cursos citados, salienta a redución do total das mesmas no conxunto da Universidade de Vigo nunha porcentaxe do 0,37%, mentres que as matriculacións no campus de Pontevedra incrementáronse nunha porcentaxe próxima ó 9% debido á incorporación das xa nomeadas novas titulacións e ó incremento no número de alumnos das titulacións de Enfermería (7,9%), Mestre (3,1%), Fisioterapia (2,6%) e Enxeñeiro Técnico de Industrias Forestais (2,4%), que compensan as reducións de alumnos nas titulacións de Belas Artes e Publicidade e Relacións Públicas.

No que respecta a división entre sexos nas distintas titulacións, só existen dúas titu-

**Cadro 4.7.**

*Titulados formación profesional ocupacional e ocupacións máis ofertadas*

	Pontevedra	Caldas	O Morrazo	O Salnés
<b>Construcción</b>				
Nº de titulados	81	31	37	18
Nº ofertas	668	191	191	302
ofertas cubertas %	12,13	16,23	19,37	5,96
<b>Comercio</b>				
Nº de titulados	79	-	15	16
Nº ofertas	377	16	14	80
ofertas cubertas %	20,95	-	107,14	20,00
<b>Turismo e hostalería</b>				
Nº de titulados	118	-	49	80
Nº ofertas	152	-	99	414
ofertas cubertas %	77,63	-	49,49	19,32

Fonte: Observatorio ocupacional setembro 2001.

lacións onde o número de homes matriculados supere ó de mulleres (Enxeñaría Técnica de Industrias Forestais e Ciencias da Actividade Física e do Deporte), mentres que en titulacións como Enfermería e Publicidade e Relacións Públicas a porcentaxe de mulleres supera o 75%.

No eido da formación profesional ocupacional, no anexo 24 expóñense as ocupacións máis ofertadas e os cursos deste tipo de ensino realizados en cada unha das catro comarcas da área funcional ata setembro do ano 2001.

Coas limitacións a análise da posible correlación entre “ocupacións máis ofertadas” e “familias profesionais”, poderíase considera-la adecuación entre o número de titulados por familias profesionais e o número de ocupacións máis ofertadas nas catro comarcas da área funcional, respecto ás seguintes actividades:

- *Construcción*: En número de titula-

dos inclúense: Edificación e obras públicas, e montaxe e instalación, e en número de ofertas de ocupación inclúense: albañel, peón de albañel e peón de obras públicas, encofrador, canteiro mamosteiro e soldador.

- *Comercio*: En nº de titulados inclúese Comercio, e en nº de ofertas de ocupación inclúense: Axente comercial e vendedor, axente de seguros e dependente en xeral.

- *Turismo e hostalería*: En nº de titulados inclúese Turismo e hostalería, e en nº de ofertas de ocupación inclúense: Camareiro, barman e cociñeiro, parrilleiro, pizzeiro, planchista e axudante de cociña.

O **cadro 4.7.** mostra esta correlación en cada unha das tres actividades para as catro comarcas da área funcional.

Na construción, o volume de ofertas de ocupación supera nas catro comarcas ó número de titulados da formación ocupacional, sendo cubertas só entre o 5,9% e o



19,3% das ofertas existentes por parte destes titulados.

No que respecta ó comercio, o volume de ofertas supera ó número de titulados en tódalas comarcas agás na comarca do Morrazo, sendo destacable o caso da comarca de Caldas onde non se cubre, por parte deste tipo de titulados, ningunha das 16 ocupacións ofertadas.

Por último, na actividade do turismo e a hostalería, é destacable o feito de que é na comarca de Pontevedra onde son cubertas unha maior porcentaxe de ofertas por parte dos titulados de formación ocupacional, o 77,6%, mentres que na comarca do Salnés, comarca co maior índice turístico da área funcional, o número de ofertas cubertas por este tipo de titulados é do 19,3%.

### Saúde

Tal e como se mostra no **cadro 4.8.**, a área de saúde (AS) de Pontevedra pertence a rexión sur e está composta por 4 zonas de saúde de atención integrada (ZSAI), 9 zonas de saúde de atención primaria e unidades básicas de atención primaria (UBAP). En termos relativos, esta área funcional acolle o 8,9% das ZSAI de Galicia e o 21,1% das de Pontevedra, así como o 9,7% e 11,3% das ZSAP e UBAP galegas, respectivamente.

Comparando co total da rexión sanitaria sur, a área funcional considerada acolle 26 dos 155 concellos da rexión.

Respecto á ordenación territorial da atención especializada, o **cadro 4.9.** reflicte as referencias poboacionais para hospitaliza-

ción xeral dependente da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, amosando que a poboación total protexida polo C.H. de Pontevedra, pertencente ó concello de Pontevedra, ascende a 230.716 persoas, e no caso dos servicios de Pediatría e Obstetricia, a 30.312 e 54.151 persoas, respectivamente.

En termos relativos comparando co total da provincia, este complexo hospitalario atende ó 28,1% do total da poboación protexida no conxunto da provincia polos dous complexos hospitalarios (C.H. de Pontevedra, C.H Xeral-Cies), xunto co Hospital Meixoeiro e o Policlínico de Vigo S.A e a F.P.H. comarcal do Salnés.

Nos servicios de Pediatría e Obstetricia do C.H. de Pontevedra, a poboación protexida é o 27,9% do total da provincia.

A Fundación Pública Hospital do Salnés, localizada en Vilagarcía de Arousa, presta servicios de Atención Especializada e de apoio á Atención Primaria á poboación dos municipios de Cambados, Catoira, Illa de Arousa, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa. Este hospital, propiedade do Servicio Galego de Saúde, está xestionado por unha fundación pública e ten unha plantilla de 144 persoas, así como 4 integrantes do equipo directivo.

A poboación protexida pola Fundación Pública Hospital comarcal do Salnés ó longo do ano 2000 ascendeu a 67.716 persoas, e no caso dos servicios de Pediatría e Obstetricia a 9.537 e 16.242 persoas, respectivamente.

En termos relativos e comparando co total provincial, esta Fundación atende ó

**Cadro 4.8.**

**Ordenación sanitaria territorial 2000**

	Zona de saúde de atención integrada	Zona de saúde de atención primaria	Unidade básica de atención primaria	Concellos	Superficie (en km <sup>2</sup> )
Área funcional Pontevedra	4	9	6	26	1.401
Área de saúde de Pontevedra	3	6	6	20	1.244
Área de saúde do Salnés	1	3	-	6	157
Rexión sanitaria sur (1)	19	46	19	155	12.168
<b>Total Galicia</b>	<b>45</b>	<b>93</b>	<b>53</b>	<b>315</b>	<b>29.575</b>
Área funcional/Rexión sanitaria sur %	21,1	19,6	31,6	16,8	11,5
Área funcional/Galicia %	8,9	9,7	11,3	8,3	4,7

(1) inclúe as áreas de saúde de Monforte, Ourense, Barco de Valdeorras, Verín, Pontevedra, Vigo e Salnés.

Fonte: Memoria 2000 Servicio Galego de Saúde, Memoria 2000 Complexo Hospitalario de Pontevedra

**Cadro 4.9.**

**Referencias poboacionais para hospitalización xeral: poboación protexida 2000**

	Servicio de Pediatría	Servicio de Obstetricia	Total
Área funcional de Pontevedra	39.849	70.393	298.469
C.H. de Pontevedra	30.312	54.151	230.716
F.P Hospital comarcal do Salnés	9.537	16.242	67.753
Total provincia Pontevedra	108.428	197.081	819.856
<b>Total Galicia</b>	<b>302.208</b>	<b>576.901</b>	<b>2.581.168</b>
Área funcional/Provincia Pontevedra %	36,8	35,7	36,4
Área funcional/Galicia %	13,2	12,2	11,6

Fonte: Memoria 2000 Servicio Galego de Saúde, Memoria 2000 Complexo Hospitalario de Pontevedra

**Cadro 4.10.**

**Prazas ocupadas nos hospitais do Sergas ( 1): distribución segundo tipo de persoal**

	Directivo	Funcionario	Laboral+MIR	Estatutario	Outro	Total
<b>Galicia</b>	<b>139</b>	<b>2.010</b>	<b>1.760</b>	<b>21.630</b>	<b>46</b>	<b>25.585</b>
Atención primaria Galicia	42	934	257	4.633	-	5.866
Atención especializada Galicia	97	1.076	1.503	16.997	46	19.719
Pontevedra	43	983	304	6.451	14	7.795
Atención primaria Pontevedra	12	253	84	1.574	-	1.923
Atención especializada Pontevedra	31	730	220	4.877	14	5.872
Atención especializada na área funcional de Pontevedra	11	509	92	1.472	6	2.090

(1): Datos a decembro de 2000

Fonte: Memoria 2000 Servicio Galego de Saúde, Memoria 2000 Complexo Hospitalario de Pontevedra

**Cadro 4.11.**

**Actividade asistencial en atención primaria 2000**

	Pontevedra	Galicia	Pontevedra / Galicia
			%
<b>Recursos materiais</b>	119	505	23,6
Centros de saúde	57	243	23,5
Ambulatorios	4	10	40,0
Consultorios municipais	21	109	19,3
Consultorios parroquiais	37	143	25,9
<b>Puntos de garda</b>	37	140	26,4
Municipal	13	42	31,0
Supramunicipal	2	9	22,2
Atención continuada	1	5	20,0
Puntos de atención continuada	15	66	22,7
Servicios normais de urxencia	5	16	31,3
Servicios especiais de urxencia	1	2	50,0
<b>Unidades de apoio</b>	39	146	26,7
Unidades de fisioterapia	12	49	24,5
Unidades de saúde bucodental	21	77	27,3
Unidades de pediatría (1)	6	20	30,0

(1): nenos aos 14 anos atendidos por pediatras de apoio.

Fonte: *Memoria 2000 Servicio Galego de Saúde, Memoria 2000 Complexo Hospitalario de Pontevedra*

8,2% do total da poboación protexida na provincia de Pontevedra e ó 22,7% da poboación protexida na área funcional.

Os servicios de Pediatría e Obstetricia atenderon ó 8,7% e ó 8,2% do total da poboación provincial protexida, respectivamente, mentres que as porcentaxes sobre o total da área funcional foron do 23,9% e do 23%, tamén de xeito respectivo.

Atendendo ós recursos humanos, o número de efectivos que ocuparon prazas nos hospitais pertencentes ó Sergas ascendeu en Galicia a 25.585 persoas no mes de decembro de 2000, das que 7.795 (o 30,5%) pertencían á provincia de Pontevedra. Atendendo a súa distribución entre a atención primaria e especializada, o **cadro 4.10.** amosa que, na provincia de Pontevedra, un total de 1.923 persoas están empregadas na atención primaria (o 24,7%) e que 5.872 persoas o están na atención especializada (o 75,3%).

Centrando o estudo na área funcional de Pontevedra e na atención especializada, o citado cadro reflicte que o número de efectivos que ocuparon praza no C.H. de Pontevedra, dependente do Servicio Galego de Saúde, no mes de decembro de 2000 ascendeu a 2.090 persoas, o que representa o 35,6% do persoal especializado na provincia de Pontevedra e o 10,6% do total da comunidade autónoma. Das 2.090 persoas que traballan en centros de atención especializada do C.H. de Pontevedra, 1.157 pertence ó Hospital Montecelo, mentres que os restantes realiza a seu traballo no Hospital Provincial de Pontevedra.

A relación existente no C.H. de Pontevedra entre o número de persoal sanitario facultativo e non facultativo e o número de camas instaladas é de 3,1 persoas/cama.

No que ós recursos materiais se refire, o **cadro 4.11.** recolle as dependencias da

**Cadro 4.12.**

**Camas e quirófanos nos hospitais xerais do Sergas 2000**

	Camas		Quirófanos	
	Instaladas	Funcionantes	Funcionantes	De urxencias
<b>Área funcional de Pontevedra</b>	787	746	15	2
C.H. de Pontevedra (1)	665	624	12	1
F. P. H. do Salnés	80	80	3	1
H. Psiquiátrico Rebullón ( 36%) (2)	42	42	-	-
<b>Provincia de Pontevedra</b>	2.028	1.879	37	4
<b>Total Galicia</b>	7.590	7.407	140	16
<b>Area funcional/Provincia de Pontevedra %</b>	38,8	39,7	40,5	50,0
<b>Área funcional/Galicia %</b>	10,4	10,1	10,7	12,5

(1) inclúe H. Montecelo e H. Provincial de Pontevedra

(2) inclúese a mesma porcentaxe de camas que de poboación protexida na área funcional.

Fonte: Memoria 2000 Servicio Galego de Saúde.

actividade asistencial en atención primaria e unha serie de servizos asistenciais como os puntos de garda e as unidades de apoio, que teñen como finalidade a colaboración na prestación do servizo asistencial.

A provincia de Pontevedra conta cun total de 57 centros de saúde dos 243 existentes na comunidade, e con 4 ambulatorios dos 10 galegos. Estes centros complétanse coa existencia de 21 consultorios municipais e 37 consultorios parroquiais, o que representa o 19,3% e o 25,9% do total galego, respectivamente.

Xunto con estes recursos, a provincia de Pontevedra contaba no ano 2000 coa existencia de 37 puntos de garda (dos que 13 son municipais) e con 39 unidades de apoio, das que 21 son unidades de saúde bucodental. Comparada co total galego, esta provincia acolle o 26,4% dos puntos de garda e o 26,7% das unidades de apoio.

No caso da atención especializada prestada nos hospitais e centros de especialidades, o Sergas dispón na área funcional de Pontevedra de 3 hospitais (H. Montecelo, H.

Provincial de Pontevedra e F.P.H comarcal do Salnés) e catro centros de especialidades, dous no concello de Pontevedra e dous no concello de Vilagarcía de Arousa. En termos porcentuais a área funcional de Pontevedra acolle o 36% dos centros de especialidades da provincia, en tanto que no que se refire á súa importancia relativa no total galego, a área funcional de Pontevedra acolle o 6,4% dos hospitais de Galicia e o 18,1% dos centros de especialidades.

A distribución do número de camas e quirófanos nos diferentes hospitais dependentes do Sergas está recollida no **cadro 4.12**. O número total de camas instaladas no ano 2000 na área funcional de Pontevedra ascendeu a 787, das que 42, aínda que fisicamente instaladas fóra da área funcional, inclúense como pertencentes á mesma por protexer a poboación da área de Pontevedra. Desas camas instaladas, 746 son camas funcionantes. Atendendo ó peso relativo no total da provincia e no total galego, as camas instaladas e funcionantes da área de Pontevedra representan, respectivamente, o 38,8% e o 39,7% do total das camas da provincia, e o 10,4% e o 10,1% do total galego.

**Cadro 4.13.**

**Camas instaladas e funcionantes nos hospitais concertados do Sergas na área funcional de Pontevedra a 31-12-2000**

	Camas instaladas	Camas funcionantes
<b>Total área funcional</b>	228	218
Sanatorio Miguel Domínguez	104	104
Sanatorio Santa María S.L.	69	69
Sanatorio Marescot S.L.	55	45
<b>Total Pontevedra</b>	1.069	899
<b>Total Galicia</b>	2.201	1.946
<b>Área funcional/ Pontevedra</b>	21,33	24,25
<b>Área funcional/ Galicia</b>	10,36	11,20

Fonte: *Sergas*

No que ó número de quirófanos se refire, na área funcional hai un total de 15 quirófanos funcionantes (2 de urxencias), dos 47 existentes na provincia (5 de urxencias). Comparando co total galego, o número de quirófanos funcionantes na área funcional representa o 10% e os de urxencias, o 11,8%.

No que respecta ás camas nos hospitais concertados do Sergas na área funcional, o **cadro 4.13.** mostra como existen tres sanatorios que suman 228 camas instaladas concertadas na área funcional, das que o 95,6% están en funcionamento. O número de camas concertadas instaladas na área funcional supón o 18,9% das totais da provincia e o 10,3% do total galego.

O diferencial entre a porcentaxe de camas instaladas concertadas na área funcional en relación ó total provincial e a porcentaxe de poboación protexida é do -15,08%, o que significa que a porcentaxe de camas concertadas na área funcional é un 15,08% menor á porcentaxe de poboación protexida en relación ós totais provinciais.

A análise conxunta das porcentaxes de

poboación protexida e de camas instaladas na área funcional e na provincia de Pontevedra, en relación ós totais provinciais, da rexión sanitaria sur e de Galicia, reflicten uns diferenciais recollidos no **cadro 4.14.**

Neste senso, as porcentaxes de camas instaladas e poboación protexida na área funcional en relación ó total provincial reflicte un diferencial positivo do 2,40%. En canto ó total da provincia de Pontevedra en relación á rexión sanitaria sur, o citado diferencial é negativo, -5,39%.

A porcentaxe de camas instaladas na provincia en relación ás camas instaladas na comunidade autónoma é un 5,04% menor que a porcentaxe de poboación protexida na provincia en relación ó volume total de poboación protexida en Galicia.

Finalmente, a relación existente entre camas concertadas e camas totais instaladas é do 23,43% na área funcional, por encima da media galega (22,48%) pero por debaixo da relación existente na zona sanitaria de Vigo (39,6%), na provincia de Pontevedra (34,5%) e na rexión sanitaria sur (27,11%).

**Cadro 4.14.**

**Comparación poboación protexida-camas instaladas**

	Area Funcional Pontevedra	C. H Xeral-Cies	Provincia Pontevedra	Rexión sanitaria sur	Galicia
<b>Poboación protexida</b>	298.469	521.387	819.856	1.193.223	2.581.168
Poboación protexida/ Pontevedra %	36,41	63,59	100,00		
Poboación protexida/ Rexión sanitaria sur %			68,71		
Poboación protexida/ Galicia %			31,76		
<b>Camas instaladas</b>	787	1.241	2.028	3.203	7.590
Camas instaladas/ camas Pontevedra %	38,81	61,19	100,00		
Camas instaladas/ camas Rexión sanitaria sur %			63,32		
Camas instaladas/ Galicia %			26,72		
<b>Diferencial poboación- camas</b>	2,40	-2,40	0,00		
<b>Camas concertadas/ camas totais %</b>	23,43	39,60	34,52	27,11	22,48

Fonte: *Memoria Sergas 2000*

	Poboación protexida	Camas instaladas	Diferencial
	%		
<b>Área funcional / Pontevedra</b>	36,41	38,81	2,40
<b>C.H. Xeral Cies ( Inclúe Rebullón)/ Pontevedra</b>	63,59	61,19	-2,40
<b>Provincia Pontevedra/ Rexión sanitaria sur</b>	68,71	63,32	-5,39
<b>Provincia Pontevedra/ Galicia</b>	31,76	26,72	-5,04

(1) Póvisea incluírese como camas concertadas.

(2) as Fundacións e Metec incluísen como camas públicas.

(3) no total de camas públicas conséidranse os hospitais Rebullón, Dr. Cabaleiro Goás e Conxo.

(4) o 36,4% das camas do Rebullón incluísen no total de camas públicas da área funcional.

Fonte: *Memoria Sergas 2000*

En canto á prestación asistencial da atención primaria na área sanitaria de Pontevedra, no ano 2000, houbo un total de 1.590.436 consultas de medicina xeral, 216.234 de pediatría e 703.000 de enfermaría.

Xunto ás consultas xerais, no ano 2000 no C.H de Pontevedra atendéronse un total de 88.387 urxencias en atención primaria nos servicios normais de urxencias, nos servicios especiais de urxencias e nos centros de atención continuada.

Comparando co total galego, o número de consultas xerais atendidas na área funcional de Pontevedra representou o 11,7%, sendo a porcentaxe de consultas de enfermaría e pediatría do 11% e do 12,1% respectivamente.

No que ás urxencias se refire, a porcentaxe das mesmas atendidas no C.H de Pontevedra en relación ó total galego é do 9,6% das mesmas.

No caso da atención especializada, no ano 2000 producíronse un total de 24.944 ingresos no C.H. de Pontevedra, o que supuxo unha diminución do 0,2% en relación ó ano anterior, cunha estadía media de 7,83 días, un 2,8% superior á do ano anterior que era de 7,62 días. Producíronse, así mesmo, 108 ingresos por cada 1.000 habitantes, sendo a porcentaxe de ocupación do 84,22% (**cadro 4.15.**).

En relación á actividade cirúrxica, producíronse un total de 16.822 intervencións, un 39,2% máis que o ano anterior, o que representa o 10,7% das intervencións

totais practicadas en Galicia polos hospitais pertencentes ó Sergas. Por outra banda, é importante salientalo incremento do 50,7% das intervencións programadas así como o incremento do 12,1% das intervencións urxentes en relación ó ano anterior. Por último, destacar que se realizaron 72,91 intervencións por cada 1.000 habitantes, o que supuxo un incremento respecto a 1999 do 76,7%.

No anexo 25 obsérvase a evolución no volume de intervencións totais, programadas, urxentes e ambulatorias nos hospitais do Sergas e nos da área funcional de Pontevedra no período 1997-2000, destacando o incremento no volume de tódalas intervencións no período considerado.

Polo que respecta á actividade de obstetricia, o número de partos na área funcional aumentou un 6,5%, pasando de 1.621 en 1999 a 1.726 no ano 2000, dos que o 29% foron por cesárea.

No ano 2000 realizáronse un total de 415.776 consultas externas no C.H. de Pontevedra e o número de urxencias atendidas foi de 88.380; atendéronse 241,49 urxencias por día e 383,10 por cada 1.000 habitantes. Do total das urxencias atendidas ingresaron 11.829, o que representa o 13,3% do total de urxencias atendidas, e o 47,4% dos ingresos totais.

O estudio da casuística, **cadro 4.16.**, permite analiza-la produtividade en relación co número e complexidade da patoloxía atendida. Na área funcional analizada, no C.H. de Pontevedra os partos sen complicacións, a esofaxite, gastroenterite e os trastor-

**Cadro 4.15.**

**Actividade asistencial 1999-00: atención especializada**

	Hospitais do Sergas total Galicia (1)			Área funcional de Pontevedra (C.H. de Pontevedra)		
	1999	2000	00/99 %	1999	2000	00/99 %
Estadías	2.053.433	2.114.099	2,95	190.545	195.317	2,5
Ingresos	227.023	232.050	2,21	24.994	24.944	-0,2
Traslados internos	32.838	33.399	1,71	2.037	2.665	30,8
Ingresos por mil habitantes	89,94	92,32	2,65	85,34	108	26,7
Estadía media global	9,05	9,11	0,66	7,62	7,83	2,8
Estadía media materno-infantil	5,23	4,53	-13,38	3,92	4,15	5,9
% de ocupación	76,79	80,65	5,03	81,73	84,22	3,0
Índice de rotación	31,88	33,35	4,61	39,17	39,96	2,0
Intervencións totais	141.934	155.803	9,77	12.087	16.822	39,2
Intervencións programadas	102.360	111.903	9,32	8.468	12.764	50,7
Intervencións urxentes	29.963	32.417	8,19	3.619	4.058	12,1
Intervencións ambulatorias	53.066	65.131	22,74	1.594	6.555	311,2
Intervencións por mil habitantes	56,23	61,99	10,24	41,27	72,91	76,7
% Intervencións ambulatorias	37,39	41,80	11,79	13,19	38,97	195,5
Índice de programación % (*)	72,12	71,82	-0,42	70,06	75,88	8,3
Estadía media preoperatoria	2,66	2,04	-23,31	1,61	3,38	109,9
Partos (*)	12.180	12.786	4,98	1.621	1.726	6,5
Cesáreas (*)	3.701	3.887	5,03	519	506	-2,5
Taxa de cesáreas %	23,30	23,31	0,04	24,25	22,67	-6,5
Consultas totais	3.917.935	4.000.575	2,11	418.116	415.776	-0,6
Primeiras consultas	1.261.333	1.297.701	2,88	135.843	135.603	-0,2
Consultas sucesivas	2.656.602	2.702.874	1,74	282.273	280.173	-0,7
Consultas por mil habitantes	1.552,25	1.591,69	2,54	1.427,62	1.802,11	26,2
Consultas sucesivas/primeiras	2,11	2,08	-1,42	2,08	2,07	-0,5
Urxencias atendidas	904.537	914.102	1,06	89.265	88.387	-1,0
Ingresos urxentes (*)	161.236	150.165	-6,87	18.017	11.829	-34,3
Urxencias por mil habitantes	358,37	363,69	1,48	304,79	383,10	25,7
Presión de urxencias % (*)	71,02	64,71	-8,88	72,09	47,42	-34,2
% de urxencias ingresadas (*)	17,83	16,43	-7,85	20,18	13,38	-33,7
Urxencias/día	2.478,18	2.497,55	0,78	244,56	241,49	-1,3

(1) as intervencións totais inclúen Povisa, pero as programadas e urxentes non  
Os denominadores poboacionais das frecuentacións obtivéronse da Tarxeta Sanitaria (novembro 2000)

(\*) Os datos para o ano 2000 da Memoria do C.H. De Pontevedra varían en primeiro lugar no que se refire á presión de urxencias, sendo esta do 74,71%, co que os ingresos urxentes sería 18.635 e a porcentaxe de urxencias ingresadas sería do 21%. En segundo lugar os datos do número de partos e cesareas para os anos 1999 e 2000 están invertidos en relación ós datos da Memoria 2000 do Servizo Galego de Saúde, e por último o dato do índice de programación para os anos 1999 e 2000 é do 27,91% e do 25,29% respectivamente.

Fonte: Memoria 2000 Servizo Galego de Saúde.

nos dixestivos de menores de 18 anos sen complicacións, así como os trastornos respiratorios agás infeccións, bronquite e asma con complicación maior, son os responsables do maior número de altas válidas, con 1.350, 518 e 599 respectivamente.

No que ás prestacións farmacéuticas se refire, o **cadro 4.17.** amosa que o gasto extrahospitalario ascendeu na provincia de Pontevedra a 24.848 millóns de pesetas (un 7,8% superior ó do ano anterior), o que supón o 29,8% do gasto extrahospitalario total de Galicia. O número de receitas factu-

radas foi de 12.302.925 (o 5,2% máis que o ano anterior), o 30% do total galego.

Polo que ó gasto por receita na provincia de Pontevedra respecta, este sitúase en 2.020 pesetas, fronte ás 2.037 pesetas en Galicia, o que implica un incremento en ámbolos dous casos do 2,4%.

Por último no que concirne ó apartado de saúde na área funcional, o **cadro 4.18.** amosa a lista de espera no Complexo Hospitalario de Pontevedra, especificando o número de pacientes e a espera media en días nas



**GRD (1) máis frecuentes nos hospitais do Sergas e no C.H. De Pontevedra 2000**

**Cadro 4.16.**

	Hospitais do Sergas				Área funcional de Pontevedra (C.H. de Pontevedra)					
	Peso medio	Altas válidas	%	Estadía media	UPH	Peso medio	Altas válidas	%	Estadía media	UPH
Parto sen complicacións	0,48	9.773	4,21	3,41	4.732	0,48	1.350	5,43	3,27	654
Trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior	2,46	7.573	3,26	12,02	18.665	2,46	599	2,41	10,94	1.476
Insuficiencia cardíaca e choque	1,52	4.236	1,83	9,06	6.456	1,52	499	2,01	8,85	760
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT	2,04	3.679	1,59	13,09	7.517	-	-	-	-	-
Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica	1,21	3.098	1,33	9,32	3.759	1,21	338	1,36	9,86	410
Reimplant. maior art. e membro extr. inferior sen infección	3,49	3.447	1,49	14,45	12.029	3,48	373	1,50	15,08	1.302
Pr. útero e anexos por ca. in situ e proceso non maligno sen cc.	1,07	3.238	1,40	7,57	3.454	1,07	343	1,38	8,30	366
Quimioterapia	1,10	2.815	1,21	3,45	3.095	-	-	-	-	-
Procedementos sobre cristalino con ou sen vitrectomía	0,82	2.468	1,06	2,09	2.013	-	-	-	-	-
Parto con complicacións	0,59	2.794	1,20	4,25	1.643	0,59	342	1,37	4,28	201
Cesárea sen complicacións	0,90	2.678	1,15	9,01	2.401	0,90	340	1,37	7,52	305
Procedementos otorrinolaringolóxicos misceláneos	-	-	-	-	-	0,65	257	1,03	2,86	168
Esofagite, gastroenterite e tr. dixest. miscel. idade <18 sen cc.	0,43	2.697	1,16	3,49	1.172	0,43	518	2,08	2,34	225
Procedementos hernia inguinal e femoral idade>17 sen cc.	0,67	2.441	1,05	3,67	1.633	0,66	347	1,39	4,08	232
Esofagite, gastroenterite e tr.dixest.miscel.idade>17 sen cc.	0,58	2.619	1,13	6,83	1.507	0,57	381	1,53	5,55	219
Apendicectomía sen diagnóstico principal	0,81	2.402	1,03	4,49	1.934	0,80	350	1,41	4,84	282
complicado sen cc.	0,90	2.391	1,03	7,35	2.152	0,90	265	1,06	6,23	238
Anxina de peito	0,47	2.148	0,93	2,61	1.018	0,47	270	1,09	2,17	128
Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía	0,61	2.061	0,89	2,57	1.248	0,60	286	1,15	2,35	173
Dilatación e legrado, conización exc.por neoplasia maligna	1,53	2.027	0,87	21,76	3.096	-	-	-	-	-
Psicose	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Neonato peso ó nacer >2499 g., sen proc.cirúrg. imp.con diag. Nde neonato normal	-	-	-	-	-	0,23	266	1,07	3,09	63
Procedementos sobre xeonillo sen cc.	-	-	-	-	-	1,07	274	1,10	2,96	296

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das alias en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de especialización de agudos  
Fonte: Memoria 2000 Servizo Galego de Saúde, Memoria 2000 Complexo Hospitalario de Pontevedra

**Cadro 4.17.**

**Gastos en receitas médicas en atención primaria 1999-00 (1)**

	Pontevedra	Galicia	Pontevedra/ Galicia
<b>Año 1999</b>			%
Prestación farmacéutica	23.047.292.035	77.574.776.784	29,7
Receitas facturadas	11.692.181	39.011.558	30,0
Gasto/receita	1.971	1.989	
<b>Año 2000</b>			
Prestación farmacéutica	24.848.000.000	83.348.788.875	29,8
Receitas facturadas	12.302.925	40.912.940	30,1
Gasto/receita	2.020	2.037	

(1) a prestación farmacéutica e o cociente gasto/receita están expresados en pesetas.  
Fonte: *Servicio Galego de Saúde*

**Cadro 4.18.**

**Lista de espera no C.H. de Pontevedra 2000**

Especialidades	Consultas externas		Ciruxía ambulatoria		Hospitalización cirúrxica	
	Espera media 1ª consulta	Nº de pacientes	Espera media	Nº de pacientes	Espera media	Nº de pacientes
Cirurxía Vascular	9,9	18,3	-	-	56,9	45
Cirurxía Xeral e Dixestivo	41,1	579,0	30,3	37,0	98,2	958
Estomatoloxía	7,2	15,5	-	-	-	0
Oftalmoloxía (*)	79,8	3.966,0	103,3 (113,2)	502 (215)	189,5	387
Otorrinolaringoloxía (*)	15,9	345,9	0 (49)	0 (4)	133,4	516
Traumatoloxía	45,5	1.474,4	87,9	53,0	95,5	822
Uroloxía (*)	70,3	565,0	77,1 (93,6)	55 (75)	82,9	281
Xinecoloxía (*)	88,3	1.993,4	0 (126,25)	0 (4)	66,2	295
Alergoloxía	59,7	231,3	-	-	-	0
Cardioloxía	50,2	656,6	271,1	63,0	-	0
Dermatoloxía	65,4	1.319,0	130,5	659,0	40,8	37
Dixestivo (**)	25,8	388,1	50,5	1.019,0	97,1	17
Endocrinoloxía	57,4	412,6	-	-	-	0
Medicina interna/ Infecciosas	20,1	85,6	-	-	-	0
Nefroloxía	16,8	13,0	-	-	-	0
Neumoloxía	48,2	188,5	-	-	-	0
Neuroloxía	69,5	522,4	-	-	-	0
Oncoloxía	12,6	29,4	-	-	-	0
Rehabilitación	24,8	212,3	-	-	-	0
Reumatoloxía	49,5	347,5	-	-	-	0

(\*) Os datos entre paréntesis refírense á ciruxía ambulatoria en quirofanillo.

(\*\*) A ciruxía ambulatoria refírese a endoscopias ambulatorias e a hospitalización quirúrxica a radioloxías intervencionistas con ingreso.

Fonte: *Memoria anual 2000 Complejo Hospitalario de Pontevedra*

distintas especialidades. Deste xeito, e centrando a análise na espera media para a primeira consulta, obsérvase como son as especialidades de Xinecoloxía, Oftalmoloxía e Uroloxía as que presentan esperas medias máis elevadas, con 88,3 días, 79,8 e 70,3 días, respectivamente. No extremo oposto, as especialidades de Estomatoloxía, Cirurxía Vascular e Oncoloxía son as que presenta

unha espera media máis reducida, con 7,2 días, 9,9 días e 12,6 días, respectivamente.

Observando a continuación o número de pacientes, salienta o feito de que as especialidades cun maior tempo de espera son as que presentan un maior volume de pacientes, a excepción da especialidade de Uroloxía que presenta unha espera media para a pri-

**Cadro 4.19.**

**Solicitudes e beneficiarios da Risga e AES 2000**

	Risga		Axudas de emerxencia social	
	Solicitudes	Beneficiarios	Solicitudes	Beneficiarios
<b>Área funcional de Pontevedra</b>	155	341	124	95
Pontevedra	36	112	73	59
O Salnés	47	122	15	13
O Morrazo	61	78	23	16
Caldas	11	29	13	7
<b>Provincia de Pontevedra</b>	752	1.578	682	529
<b>Galicia</b>	2.048	4.156	1.850	1.244

Fonte: Dirección Xeral de Servicios Sociais

meira consulta superior a outras especialidades cun maior volume de pacientes como son Dermatoloxía e Cirurxía Xeral e Dixestiva. Por outra banda, as especialidades con unha menor espera media para a primeira consulta están incluídas no conxunto de menor demanda xunto coa especialidade de Nefroloxía.

### Servicios sociais

A distribución do número de solicitudes e beneficiarios da renda de integración social de Galicia (Risga), así como das axudas de emerxencia social para o ano 2000, está contida no **cadro 4.19**.

No que ás rendas de integración social respecta, o número de beneficiarios na área funcional ascendeu a 341 persoas, con 155 solicitudes novas no ano 2000 no conxunto da área funcional. As novas solicitudes representan o 20,6% do total provincial e o 7,5% do total galego. No que respecta ós beneficiarios das rendas de integración social na área funcional, estes representan o 21,65% do total da provincia de Pontevedra e o 8,2% do total de beneficiarios de Galicia.

Atendendo á distribución comarcal e municipal, o dito **cadro 4.19** amosa que o 68,6% dos beneficiarios están asentados nas comarcas do Salnés e Pontevedra, con 122 e 112 beneficiarios, respectivamente. No extremo oposto están as comarcas do Morrazo e Caldas, con 78 e 29 beneficiarios, respectivamente, no ano 2000.

O número de beneficiarios das axudas de emerxencia social na área funcional de Pontevedra ascendeu no ano 2000 a 95 persoas, fronte ás 124 solicitudes que se produciron no mesmo ano. Comparando co número de beneficiarios da provincia de Pontevedra, a área funcional acolle o 17,9% do total, sendo o peso relativo no total galego do 7,6%.

Atendendo á distribución comarcal das axudas de emerxencia social, obsérvase no **cadro 4.19** como o maior número de beneficiarios atópase na comarca de Pontevedra, co 62,1% do total de beneficiarios da área funcional, seguida a distancia pola comarca do Morrazo, con 16 beneficiarios.

No eido das persoas maiores, o índice de vellez indica a porcentaxe de persoas

Cadro 4.20.

*Persoas maiores de 65 anos*

	Total Poboación	Total maiores 65 anos	Índice de vellez
<b>Área funcional</b>	331.650	50.954	15,4
<b>Caldas</b>	35.514	6.435	18,1
Caldas de Reis	9.369	1.588	16,9
Catoira	3.541	623	17,6
Cuntis	5.733	1.288	22,5
Moraña	4.402	873	19,8
Pontecesures	2.963	413	13,9
Portas	3.218	674	20,9
Valga	6.288	976	15,5
<b>O Morrazo</b>	78.736	10.745	13,6
Bueu	12.484	1.734	13,9
Cangas	23.235	3.160	13,6
Marín	25.344	3.368	13,3
Moaña	17.673	2.483	14,0
<b>Pontevedra</b>	113.944	18.229	16,0
Barro	3.540	694	19,6
Campo Lameiro	2.384	536	22,5
Cotobade	5.012	1.307	26,1
A Lama	2.956	827	28,0
Poio	13.802	1.762	12,8
Ponte-Caldelas	6.648	1.383	20,8
Pontevedra	73.871	10.669	14,4
Vilaboa	5.731	1.051	18,3
<b>O Salnés</b>	103.456	15.545	15,0
Cambados	12.918	1.755	13,6
O Grove	10.985	1.617	14,7
A Illa de Arousa	4.828	666	13,8
Meaño	5.451	899	16,5
Meis	5.001	948	19,0
Ribadumia	4.205	711	16,9
Sanxenxo	15.964	2.338	14,6
Vilagarcía de Arousa	33.724	4.952	14,7
Vilanova de Arousa	10.380	1.659	16,0
<b>Total Provincia</b>	906.298	144.098	15,9
<b>Total Galicia</b>	2.724.544	525.797	19,3
<b>Área funcional/ provincia %</b>	36,6	35,4	
<b>Área funcional/ Galicia %</b>	12,2	9,7	

Fonte: IGE 1998

maiores de 65 anos sobre o total da poboación. Tal como se mostra no **cadro 4.20.**, o índice de vellez para o conxunto da área funcional é o 15,5%, lixeiramente inferior ó índice provincial que é do 15,9% e mais de catro puntos menor que o índice galego (19,3%)

Das catro comarcas que compoñen a área funcional, é a comarca de Caldas a que presenta un índice de vellez maior, o 18,1%,

sendo, por outra banda, a única que supera o índice da área funcional. A comarca cun menor índice de vellez é a do Morrazo, co 13,6%. Ningún dos catro municipios que a compoñen supera o índice da área funcional.

A nivel municipal, oito municipios dos 28 que compoñen a área funcional superan o índice de vellez galego e 15 concellos superan o índice provincial, destacando o concello de A Lama, cun índice de vellez do

**Cadro 4.21.**

**Centros prestadores de servicios sociais <sup>(1)</sup>: persoas maiores**

	Apartamentos tutelados e vivendas comunitarias			
	Residencias	Centros de día	Fogares e clubs	Residencias
<b>Área funcional</b>	7	-	-	1
Pontevedra	1	-	-	1
O Salnés	4	-	-	-
O Morrazo	1	-	-	-
Caldas	1	-	-	-
<b>Provincia de Pontevedra</b>	18	9	2	2
<b>Galicia</b>	39	34	11	12
<b>Área funcional /Provincia %</b>	38,9	-	-	50,0
<b>Área funcional/Galicia %</b>	17,9	-	-	8,3

(1) datos a 31 de decembro de 2000

Fonte: Dirección Xeral de Servicios Sociais

**Cadro 4.22.**

**Prazas residenciais públicas na área funcional de Pontevedra 1999-00**

	Prazas válidos		Prazas asistidos		2000/99 (%)
	1999	2000	1999	2000	
<b>Centros propios</b>					
Residencia de Marín	80	80	-	-	-
Residencia de Pontevedra	98	98	-	-	-
<b>Centros concertados</b>					
Residencia Valle Inclán	10	10	105	105	-
Residencia Santo Anxo	36	36	19	19	-
<b>Área funcional</b>	224	224	124	124	
<b>Pontevedra</b>	435	435	479	481	
<b>Galicia</b>	1.455	1.442	1.790	1.824	
<b>Área funcional/Pontevedra</b>	51,49	51,49	25,89	25,78	
<b>Área funcional/Galicia</b>	15,40	15,53	6,93	6,80	

Fonte: Dirección xeral de Servicios Sociais.

28%, seguido do concello de Cotobade cun índice do 26,1%. Ámbolos dous municipios están situados na comarca de Pontevedra.

A 31 de decembro do 2000, **cadro 4.21.**, o número de residencias –consideradas como tales os centros destinados a vivenda permanente e común nos que se presta unha atención integral e continuada ós maiores– da área funcional ascendía a 7, o 38,8% do total provincial e o 17,9% do total galego.

Non existe na área funcional analizada ningún apartamento tutelado nin vivendas

comunitarias, así como tampouco centros de día. Destaca a existencia dun só centro destinado a servir como lugar de encontro nos que se promove fundamentalmente a convivencia dos maiores, denominados de xeito xenérico como fogares e clubs.

Na área funcional de Pontevedra hai un total de dous centros propios e dous concertados que acollen un total de 348 prazas, (224 prazas válidos e 124 asistidos); 170 desas prazas están en centros concertados, isto é o 48,8%. Comparando cos datos provinciais e galegos, a área funcional acolle o 51,49% das prazas de válidos da provincia de Pontevedra

e o 15,53% do total de Galicia. Por outra banda, a área funcional posúe o 25,78% das prazas de asistidos da provincia de Pontevedra e o 6,8% do total galego. É importante salientalo estancamento no número de prazas residenciais no período 1999-200, tal como se observa no **cadro 4.22**.

No marco do “Plan Galego de Persoas Maiores 2001-2006”, a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais ten previsto unha acción de fomento para a creación de centros multiasistenciais para maiores dependentes por parte da iniciativa privada. Esta acción instrumentase a través dun convenio co Igape e consiste no establecemento de axudas á iniciativa privada que estimulen a construción de centros asistenciais.

Nunha primeira fase, e en base á aplicación da ratio: 1,4% de cobertura pública da poboación total de maiores de 65 anos, a Consellería de Sanidade ten previsto a localización de residencias no concello de Pontevedra e na comarca do Salnés. Nunha segunda fase estableceráanse nas comarcas de Caldas e do Morrazo. Cómpre ter en conta que para acadala cobertura pública establecida debería contarse cun total de 713 prazas públicas, dispoñéndose na actualidade de 348, un 48,8% das necesarias.

O investimento previsto distribuído no período 2001-2006 para este tipo de accións no conxunto de Galicia é de 1.800 millóns de pesetas.

### **Prestacións económicas**

Os **cadros 4.23**. e **4.24**., onde se recollen o número de beneficiarios e o importe

medio segundo o tipo de cobertura nos anos 1999 e 2000, para a provincia de Pontevedra en relación ó conxunto de Galicia, poden servir de aproximación ó marco xeral das prestacións económicas e dos diferentes tipos de protección da área funcional. O número de persoas que cobran algún tipo de prestación na provincia de Pontevedra –ben sexa contributiva ou asistencial– pasou de 207 miles de persoas en 1999 a 210 miles no ano 2000 (de media anual), ás que habería que engadir o total das persoas que cobran a prestación por desemprego, que ascendeu a 20.800 e 20.700 persoas, respectivamente. Isto supón un incremento do 1%, en termos relativos. O peso destas prestacións no total galego no ano 2000 foi do 29% e do 33%, respectivamente.

Respecto ás prestacións contributivas, a 31 de decembro do 2000 había na provincia de Pontevedra un total de 190,1 miles de persoas cobrando algún tipo de pensión da Seguridade Social, cun importe medio, tal como se observa no **cadro 4.23**., de 67,6 miles de pesetas. O número de pensións incrementouse nun 1,4% respecto ó ano anterior, mentres que o importe medio das mesmas aumentou un 5%. Comparando co total galego, o peso relativo das pensións contributivas da provincia de Pontevedra, pasou do 38,4% en 1999 ó 28,5% no ano 2000 e o diferencial do importe das citadas pensións aumenta das 2,1 miles de pesetas de 1999 ata as 5,4 miles de pesetas do seguinte ano.

Atendendo ós diferentes tipos de pensións, obsérvase o lixeiro incremento tanto no peso relativo como no valor absoluto dos diferentes tipos de pensións, agás a reduc-

**Cadro 4.23.**

**Resumo das prestacións económicas 1999-00: beneficiarios segundo tipo de cobertura**

	Galicia		Pontevedra		Pontevedra/Galicia	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000
	(en miles de pensións)				(%)	
	(media anual)					
<b>Pensións contributivas</b>	660,0	667,4	187,5	190,1	28,4	28,5
Incapacidade permanente	58,4	58,0	20,5	19,9	35,1	34,2
Xubilación	420,8	424,1	112,9	114,6	26,8	27,0
Viuvez	156,9	160,0	46,0	47,0	29,3	29,3
Orfandade e favor familiar	23,9	25,3	8,2	8,7	34,5	34,5
<b>Pensións non contributivas</b>	51,0	52,6	16,5	17,1	32,4	32,4
Invalidez	26,2	26,9	8,6	8,91	32,9	33,1
Xubilación	24,8	25,7	7,9	8,15	31,9	31,7
<b>LISMI</b>	7,6	5,7	2,89	2,48	37,8	43,2
<b>Pensións asistenciais</b>	3,8	2,3	0,71	0,35	18,8	15,4
<b>Prestacións por desemprego</b>	61,3	62,6	20,8	20,7	34,0	33,1
Contributivas	31,9	42,1	12,3	10,5	38,6	25,0
Subsidios	32,4	30,8	10,6	10,0	32,6	32,4
<b>Risga</b>	4.292	4.156	1.607	1.578	37,4	38,0
	(beneficiarios a 31-12)					
	(media anual)					
<b>Axudas de emerxencia social</b>	943	1.244	328	529	34,8	42,5

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e da Dirección Xeral de Servizos Sociais

**Cadro 4.24.**

**Resumo das prestacións económicas 1999-00: importe medio segundo tipo de cobertura**

	Galicia		Pontevedra		Pontevedra/Galicia	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000
	(miles de pesetas)				(%)	
	(media anuais)					
<b>Pensións contributivas</b>	62,2	62,2	64,3	67,6	103,4	108,7
Incapacidade permanente	70,3	74,7	69,5	74,0	98,9	99,1
Xubilación	69,6	73,0	73,0	76,7	104,9	105,1
Viuvez	43,9	46,1	46,6	49,0	106,2	106,3
Orfandade e favor familiar	31,7	33,2	31,5	33,0	99,4	99,4
<b>Pensións non contributivas</b>	38,3	40,6	39,4	42,2	102,9	103,9
Invalidez	39,8	42,5	40,4	43,8	101,3	103,0
Xubilación	36,6	38,7	38,3	40,5	104,6	104,7
<b>LISMI</b>	16,3	17,7	17,9	17,6	110,0	99,6
	(totais anuais en miles de millóns)					
<b>Prestacións por desemprego</b>	25,5	25,1	8,5	8,4	33,3	33,5
Gasto de subsidio	21,4	21,0	7,1	7,0	33,2	33,3
Gasto de cotas	4,1	4,1	1,4	1,4	34,1	34,1

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e da Dirección Xeral de Servizos Sociais

ción do valor absoluto e relativo das pensións por incapacidade permanente, así como a lixeira redución do peso relativo do total das pensións contributiva a pesar do incremento no seu valor absoluto.

En canto á evolución do importe medio das citadas pensións, o **cadro 4.24** reflicte como este se incrementou en tódolos tipos de pensións, salientando o incremento do 6,4% do importe medio das pensións por incapacidade permanente.

Comparando co importe medio das pensións galegas, o peso relativo das pensións contributivas de Pontevedra e as de Galicia agrándase en tódolos tipos de pensións, agás no caso das pensións de orfandade e favor familiar, que permanece constante.

No caso das pensións non contributivas, o crecemento do número de beneficiarios en Galicia foi do 3,1% respecto a 1999, incrementándose esta porcentaxe no caso da provincia de Pontevedra, onde o número de beneficiarios aumentou no 3,6%, manténdose constante o peso relativo que estas pensións non contributivas da provincia teñen no conxunto de Galicia.

En relación ó importe medio, o incremento do mesmo tamén foi máis pronunciado na provincia de Pontevedra (7%) que no total da comunidade autónoma (6%), pasando dos 39,4 miles de pesetas en 1999 ós 42,2 miles no ano 2000.

No caso das prestacións da Lismi, no ano 2000 rexistrouse un descenso de 1.900 beneficiarios na comunidade, dos que 410

pertencían á provincia de Pontevedra, manténdose relativamente estable o importe medio das mesmas.

Finalmente, respecto ós beneficiarios das pensións asistenciais na provincia de Pontevedra, obsérvase o descenso do número de pensións nun 50,7% respecto ó ano anterior (un 40% no caso galego).

No que concirne ás prestacións por desemprego, salienta o descenso das mesmas, tanto a nivel galego como provincial, no ano 2000 respecto ó ano anterior, sendo a caída experimentada na provincia de Pontevedra do 0,5%, acadando 20.700 prestacións, 33,1% do total de Galicia, onde o número de prestacións no ano 2000 ascendeu a 62.600. En relación ó importe das prestacións por desemprego, salienta a súa estabilidade respecto ó ano anterior, manténdose en torno ós 25,5 miles de millóns de pesetas e 8,5 miles de millóns de pesetas anuais no caso galego e na provincia de Pontevedra, respectivamente.

Respecto ó tipo de prestación, salienta a distribución homoxénea entre os beneficiarios das prestacións de nivel asistencial e entre os beneficiarios de nivel contributivo, o que non é así a nivel galego, onde estes últimos acadan unha maior porcentaxe.

Por último, constátase un incremento da taxa de cobertura bruta (a relación entre perceptores e paro rexistrado), que pasou do 38,3% no 1999 ó 41,5% no ano 2000 na provincia de Pontevedra, mentres que para o total de Galicia este incremento foi máis moderado, pasando do 43% ó 44%. ■